

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 10 DE MARZO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día dez de marzo de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. COMUNICACIÓNS PREVIA DE OBRAS.-
3. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
4. ADXUDICACIÓN FINCA RÚSTICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITA EN PEDRASALGUEIRA A FAVOR DE J.C.R..-
5. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

É aprobada a acta da sesión anterior nº 4/2016 quetivo lugar o 25.02.2016

2. COMUNICACIÓNS PREVIA DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

- Dase conta da comunicación previa de obras solicitada por don M.O.G., con domicilio no lugar de Vilaroscuro, parroquia de Castenda polo que pretende a construción dun muro de peche na parcela XXX do polígono XX deste termino municipal.
Acordos adoptados:
Autorizar a solicitude, previa liquidación dos impostos correspondentes que regula a vixente normativa municipal.
- Dase conta da comunicación previa de obras presentada por don M.G.F., con domicilio no lugar de Folgueira, parroquia de Andoio polo que pretende a construción dun muro de peche na parcela nº XX do polígono X deste termino municipal.
Acordos adoptados:

Autorizar a solicitude, previa liquidación dos impostas correspondentes que regula a vixente normativa municipal.

3. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

Autorizar a acometida solicitada, dándolle traslado a empresa concesionaria do servizo para que leve a cabo as xestións correspondentes e previa liquidación das taxas que regula o servizo municipal.

4. ADXUDICACIÓN FINCA RÚSTICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITA EN PEDRASALGUEIRA A FAVOR DE J.C.R.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- Adxudicar a J.C.R., o alleamento da finca rústica sita en Pedrasalgueira , parroquia de Anxeriz, de titularidade municipal e con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, cunha superficie catastral de 1.391 m2, propiedade deste concello, aprobada por Xunta de Goberno do 11/ 02/ 2016, polo PREZO de TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (3.855,70.-).

SEGUNDO.- Notificar a don J.C.R., propietario dos inmobles lindeiros, a Resolución e citalo para a sinatura do contrato administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, de acordo co establecido no artigo 113.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Plazo das Administracións Públicas .

TERCEIRO.- Anotar o alleamento no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo , unha vez formalizado o alleamento.

CUARTO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrals, segundo a lexislación hipotecaria.

QUINTO.- Dar conta ao órgano competente da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 109.1 do Real decreto 1372/ 1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regufamento de bens das entidades locais.

5. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.